



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E A FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA

REUNIDOS

Por unha banda, D. Julio Abalde Alonso, reitor magnífico da Universidade da Coruña (en adiante UDC), que intervén no seu nome e representación, segundo as facultades que lle autoriza o seu nomeamento, conforme ó Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia núm. 5/2020, de 9 de xaneiro, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) de 13 de xaneiro de 2020 e de acordo coas competencias que lle outorgan o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, de Universidades, de 21 de decembro e o artigo 36.1.f) dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio (DOG de 26 de maio de 2004), modificados polo Decreto 194/2007, de 11 de outubro (DOG do 17 de outubro de 2007).

E doutra parte, a Presidenta da Federación de Libreiros de Galicia (en adiante Federación), Dona Pilar Rodríguez Álvarez, con domicilio na Rua República do Salvador, 28, Ent., Santiago de Compostela, en virtude das atribucións que lle confiren os Estatutos da Federación.

Ambas as partes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste Convenio e, a tal efecto,

EXPOÑEN

- I. Que a Universidade de A Coruña é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, estando interesada en colaborar cos sectores socioeconómicos para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a innovación e a modernización do sistema bibliográfico como instrumento de investigación e docencia e no desenvolvemento de actividades culturais dos alumnos/as dos seus centros.
- II. Que a Federación é unha asociación con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins, atopándose entre as súas funcións xerais a de promover a difusión do libro, organizar programas de formación,



perfeccionamento e actualización profesional, en colaboración con centros de formación de ámbito universitario e profesional, e desenvolver actividades culturais.

- III. Entendendo ambas entidades que sería de interese para os colectivos que representan establecer un marco de colaboración a prol do alumnado senón de toda a comunidade educativa en xeral, deciden subscribir este CONVENIO con arranxo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira: Obxecto

A Universidade de A Coruña, publicitará como parte das vantaxes da tarxeta universitaria que as compras de libros e material de papelería nas librerías integradas na Federación, se lles aplicará un 5% de desconto.

A Federación, publicitará o contido deste compromiso entre os seus asociados a fin de que apliquen un desconto do 5%, a tódolos membros da comunidade educativa que acrediten esta condición.

A Federación actualizará cando sexa preciso, co gallo de novas altas ou baixas, a súa relación de asociados á Universidade de A Coruña co fin de manter actualizada a relación de librerías adscritas ó convenio.

Segunda: Vixencia

O convenio iniciará os seus efectos no momento da súa sinatura, rematando o 31 de decembro do 2020.

Non obstante, antes do remate do prazo previsto se as circunstancias o fan aconsellable, as partes por unanimidade poderán acordar a súa prórroga polo período estritamente necesario e sempre dentro do límite máximo de ata catro anos adicional establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Terceira: Causas de resolución:

1. Transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
2. Transcurso do prazo máximo de vixencia do mesmo incluído o período de prórroga establecido no mesmo.
3. Acordo unánime dos asinantes.



4. Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.
5. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
6. Por calquera das causas contempladas na normativa da universidade sobre o contido do convenio.

Cuarta:

No caso de que calquera das partes decida denunciar este convenio, deberá anunciálo á outra con, polo menos, tres meses de antelación. As partes conveñen que, non obstante o anterior, os proxectos específicos e actividades que, de ser o caso, se estivesen desenvolvendo no momento de declararse a terminación deste convenio, continuarán desenvolvéndose ata a súa total conclusión baixo as bases que orixinariamente se acordaron.

Quinta:

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas por este convenio por unha das partes, facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa realizado.

Sexta:

As partes poderán modificar este documento en calquera momento de mutuo acordo.

Sétima:

Os acordos que se reflicten neste convenio, e nos específicos que se asinen, terán sempre carácter administrativo e non se derivarán deles, en ningún dos casos, dereitos ou obrigas de carácter laboral.

Oitava: Publicidade

As dúas entidades firmantes comprométense a promocionar e difundir o contido deste CONVENIO DE COLABORACIÓN, no eido dos seus respectivos ámbitos de actuación.

Novena: Ambito de aplicación

As compras de libros que realicen no só o alumnado, senón todos os membros da comunidade educativa, se lles aplicará un desconto do 5%.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



E en proba de conformidade con canto antecede, asínase o presente convenio de colaboración en duplicado exemplar, no lugar e data indicado o comezo.

Santiago de Compostela, de febreiro de 2020

Universidade da Coruña
Julio E. Abalde Alonso

Federación de Libreiros de Galicia
Pilar Rodríguez Álvarez